



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: Camariñas. Parroquias: San Xurxo de Camariñas. Extensión: 1,77km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade composta por cantís graníticos a partir dos que se desenvolve, ao noroeste, unha falsa chaira litoral elevada, con pendentes tendidas que van aumentando cara ao sueste até alcanzar un cumo redondeado e aplanado, que se prolonga de norte a sur e non chega a alcanzar os 100 metros snm. A superficie plana que segue aos cantís se estreita cara ao suroeste, chegando a alcanzar pendentes en torno ao 20 -30%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída no Dominio hercínico por un granitoide migmático que, na parte máis meridional da unidade presenta unha facies granítica homoxénea e que, ladeira arriba da piscifactoría conta cunha zona na que aparecen numerosas nebulitas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media rolda os 13°C. No tocante ás precipitacións rexístranse máximos acumulados de 1400mm e sen chegar a baixar de 1200mm ao ano.

OS SOLOS

A maior parte da unidade está formada por leptosois líticos nos que aflora o substrato rochoso en superficie; e regosois, solos algo máis evolucionados. Nas partes altas da vertente, onde hai escasa pendente, os solos adquiren un certo desenvolvemento formando cambisois dístricos.


AS AUGAS

A predominancia dos cantís e o escaso desenvolvemento continental desta unidade impiden a existencia de cursos de auga de importancia, á parte daqueles de réxime temporal. A masa de Augas Costeiras que baña á unidade é a 20135 do Cabo Vilán.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade incluída, agás nas vertentes altas do noreste, no LIC Costa da Morte. Encóntrase dentro da área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Costa rochosa acantilada na que se presentan como máis importantes o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de refugallo mariños acumulados, tendo en conta que son habituais as plataformas rochosas e numerosas os coídos, algúns de gran talla. As vertentes costeiras, así como os cumes, presentan hábitats de mato seco costeiro (4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans), nalgúns sectores bastantes degradados pola existencia de actividades humanas. Conta con citas do taxon vulnerable protexido *Linaria aguillonensis*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Practicamente todo o espazo está cuberto por formacións vexetais de tipo atlántico adaptado ás difíciles condicións de vida que se dan no litoral. Estas formacións esténdense desde a fronte acantilada ata o límite oriental da unidade onde entran en contacto coas zonas dedicadas a actividades silvícolas e que alternan con pequenos espazos dedicados a labores agrícolas. Os espazos artificiais correspóndense coa piscifactoría situada nas proximidades de Cabo Vilano e a algunha edificación illada próxima aos terreos cultivados.

MORFOLOXÍA

A tipoloxía das edificacións non responde a ningunha estrutura determinada xa que se trata de construcións de carácter industrial situado nun espazo aberto por necesidades de produción. A estrutura do parcelario non é perceptible entre a vexetación aínda que se advirte a presenza de pequenos muros de pedra que delimitaban os campos.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Tan só existe unha estrada asfaltada que posibilita o acceso rodado ao faro e á piscifactoría. Ademais dela existen unha serie de pistas e camiños rurais que permiten desprazarse pola unidade e percorrer a costa enlazando este tramo con outras unidades. Así mesmo, hai que destacar a presenza dunha estrutura de pistas que facilitan o acceso a cada un dos aerogeradores que compoñen o parque eólico.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade destaca a presenza da ermida da Virxe do Monte situado na punta do Costado. A capela actual foi construída no século XVIII sobre as ruínas da anterior e nas súas inmediacións celébrase en Pascua unha concorrida romaría. Como en moitas outras localidades da zona, os maiores do lugar contan que, nos días de temporal as mulleres dos mariñeiros subían ao teito da ermida para cambiar a dirección das tellas, coa crenza que así cambiaban de dirección o vento e os seus maridos podían regresar a terra.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade organízase arredor da fronte costeira tendo en conta que o elemento dominante na paisaxe é a auga. A sucesión vexetal que se establece desde a costa cara ao interior indica un predominio das dinámicas naturais sobre os procesos derivados da acción do home que limita as súas actuacións a zonas puntuais como a piscifactoría ou o espazo agroforestal.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe da unidade caracterízase pola convivencia dun medio natural con espazos de uso industrial –enerxético, que aproveita os recursos intrínsecos á unidade. O desenvolvemento dunha actividade económica, tanto na piscifactoría coma no parque eólico, non impide que a fronte costeira manteña o seu carácter agreste no que o mar é o protagonista e o valor cultural do mesmo, grazas á presenza da Ermida de Nosa Señora do Monte. Este tramo de costa encóntrase recollido dentro do LIC Costa da Morte e catalogado dentro da Rede Natura 2000. Para a súa observación, propomos a Ermida desde a que é posible contemplar un amplo tramo de costa, abarcando desde o faro de Cabo Vilano ata as proximidades de Camariñas.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



